

* Contornos de aplicación dos sistemas de representación.

* Normalización.

* Recoñecemento e lectura de representacións bidimensionais de obras arquitectónicas e de obxectos e aparellos técnicos.

Criterios de avaliación.1. Tomar decisións especificando os obxectivos e as dificultades, proponendo diversas opcións e avaliando cal é a mellor opción.

Este criterio pretende coñecer se as alumnas e os alumnos adquiren habilidades para teren autonomía, creatividade e responsabilidade no traballo.

2. Utilizar recursos informáticos e novas tecnoloxías no proceso de elaboración da imaxe fotográfica, o deseño gráfico, o debuxo asistido por ordenador e a edición videográfica.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de utilizar diversidade de ferramentas da cultura actual relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación para realizar as súas propias creacións.

3. Colaborar na realización de proxectos plásticos que requiren unha organización de forma cooperativa.

Mediante este criterio inténtase comprobar se o alumnado é capaz de elaborar e participar, activamente, en proxectos cooperativos aplicando estratexias propias e adecuadas da linguaxe visual.

4. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diversidade de técnicas de expresión gráfico-plásticas (debuxo, volume, pintura, gravado...)

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado coñece distintos soportes e técnicas bidimensionais e tridimensionais.

5. Utilizar a sintaxe propia das formas visuais do deseño e da publicidade para realizar proxectos concretos.

Con este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de distinguir nun obxecto simple ben deseñado os seus valores funcionais estéticos (proporción entre as partes, cor, textura, forma, etc.).

6. Elaborar obras multimedia e producións videográficas utilizando as técnicas adecuadas ao medio.

Preténdese avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e integrar os procesos, as técnicas e os materiais utilizados no eido multimedia, fotográfico, da animación, do son e videográfico, así como de utilizar as súas linguaxes específicas.

7. Describir obxectivamente as formas, aplicando sistemas de representación e normalización.

Avaláase a capacidade de representar a realidade tal como se ve sobre un soporte bidimensional mediante operacións que non requiran operacións complicadas no seu trazado. Terase en conta a corrección do trazado xeométrico dos elementos utilizados, a súa adecua-

da relación entre distancia e tamaño e a súa disposición no espazo.

8. Recoñecer e ler imaxes, obras e obxectos dos contornos visuais (obras de arte, deseño, multimedia...)

Preténdese coñecer se o alumnado é capaz de ter actitudes críticas e de aprecio e respecto cara as manifestacións plásticas e visuais do seu contorno.

Música.

Introdución.

A música é unha das principais manifestacións culturais habidas ao longo dos tempos, a través da cal homes e mulleres expresaron o seu mundo interior, as súas inquedanzas, pensamentos e emocións, dun xeito artístico e excepcional. Así mesmo, é unha arte viva e experiencial, que lle permite a todo o alumnado experimentar coas súas posibilidades instrumentais, vocais e de movemento, a través do coñecemento dos procedementos compositivos constitutivos desta arte. A posibilidade de gravar o son fixo que se modificasen sensiblemente as relacións entre creadores, intérpretes e público; en efecto, os medios de comunicación contribúen á difusión masiva desta arte, ao mesmo tempo que as tecnoloxías da comunicación permiten ampliar considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas ás súas achegas a toda a produción musicográfica mundial. Neste senso, a música faise presente en todas as opcións de lecer da mocidade: os concertos en vivo, os CD, reprodutores de música en formato dixital, a televisión, os videoxogos, o cine, a publicidade, a internet, etc.

A materia de música na educación secundaria obrigatoria ten como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria, situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto, cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais doutros pobos.

Por estes motivos, a educación neste ámbito na etapa secundaria obrigatoria quere ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia, ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e á ampliación do propio horizonte estético. A

vía de consecución destes obxectivos é a través da audición, da interpretación e da creación propia e allea.

Alcanzar estes obxectivos exige do noso alumnado o afianzamento da súa iniciativa propia e do sentido crítico sobre as manifestacións musicais que a sociedade da comunicación pon ao seu alcance. Tomar conciencia do gusto estético propio exige así mesmo, o desenvolvemento de valores persoais como os da dignidade, a liberdade, a autoestima e a seguridade nun mesmo, entre outros valores, especialmente no desenvolvemento artístico da práctica musical e do movemento en grupo, que require respecto e coordinación cos demais.

Cómpre ter en conta que o alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria e que son:

Bloque 1 A escoita. Bloque 2 A interpretación. Bloque 3 A creación. Bloque 4 Os contextos musicais.

A formación musical do alumnado debe incidir na comprensión e asimilación dos parámetros musicais que articulan estes distintos bloques, desde unha perspectiva cultural, artística e estimuladora da iniciativa persoal.

Así, a escoita engloba a percepción e a introspección analítica desta que completa e dá sentido á percepción formal, tímbrica, rítmica, etc., da música. Nesta etapa, o alumnado está en condicións de desenvolver as capacidades que lle permitan escoitar activamente e comprender globalmente distintas manifestacións musicais, producidas en períodos históricos precedentes, nos momentos actuais e na propia aula de música.

A interpretación e creación refírese á capacitación do alumnado para que este sexa quen de desenvolver, ben individualmente, ben coas súas compañeiras e compañeiros accións musicais que impliquen a voz, os instrumentos e o movemento. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar a consecución dun dominio básico de técnicas vinculadas ao canto, a interpretación instrumental, individual e de grupo, e as que conducen ao movemento e á danza. Estes dous bloques están pois, estreitamente ligados á expresión.

O bloque contextos musicais, inclúe contidos relacionados cos referentes culturais das músicas e o seu papel nos distintos contextos sociais e culturais, é dicir, que o bloque se vertebra a partir duns contidos referenciais a través dos cales pivota a historia da música occidental en que se insire a nosa tradición musical.

En cuarto curso, onde a materia é opcional, o primeiro dos bloques é Audición e referentes musicais, que se relaciona directamente co eixo mencionado de escoita. O segundo bloque, Interpretación e creación,

enmárcase no ámbito de expresión e recolle todos aqueles contidos vinculados coa interpretación vocal e instrumental, o movemento e a danza, a improvisación, a elaboración de arranxos e a composición, así como a participación en proxectos musicais de diversa índole. O terceiro bloque, que está moi vinculado cos anteriores, é Música e tecnoloxías; como se deriva do seu encabezamento, introduce contidos que permiten coñecer e utilizar ferramentas tecnolóxicas en actividades de audición e produción musical.

Da organización dos contidos en bloques e eixos non se deriva unha priorización na súa secuencia. É dicir, na práctica, o profesorado combinará ambos os aspectos do xeito que lle resulte máis coherente e que fomente a comprensión dos contidos e conceptos musicais por parte do seu alumnado.

Contribución da materia á adquisición das competencias básicas.

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respetuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal, mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á competencia social e cidadá. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas pro-

pias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á competencia en comunicación lingüística, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Desde o punto de vista da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música contribúe á competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos ele-

mentos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

Obxectivos.

A ensinanza da música nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- * Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

- * Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.

- * escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

- * Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

- * Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.

- * Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.

- * Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

- * Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

- * Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.

* Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

Contidos.

Tres primeiros cursos.

Bloque 1. Escoita.

* Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

* Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

* Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

* Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.

* Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.

* A música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e doutras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto aos demais durante a escoita.

* Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e creación musical.

* Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Bloque 2. Interpretación.

* As características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

* Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

* Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. A interpretación individual e en grupo.

* Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

* As graffas e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.

* Experimentación e práctica das distintas técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos

musicais a través do corpo e do movemento e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

* Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

* Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

* Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

* Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/as e outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

* Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a aportación das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

* Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias e respecto ante outras formas de expresión.

Bloque 3. Creación.

* A improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e a selección de distintos tipos de organización musical.

* Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das diferentes actividades que se realizan na aula.

* Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

* Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.

* Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

* Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

Bloque 4. Contextos musicais.

* Recoñecemento e localización nas coordenadas espacio-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.

* A pluralidade de estilos na música actual. Características culturais, artísticas e formais.

* A música ao servizo doutras linguaxes; corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

* Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

* O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.

* Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

Criterios de avaliación.

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz de situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais, facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento.

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer cómo se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical.

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as graffías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das graffías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

Cuarto curso.

Bloque 1. Audición e referentes musicais.

* A música como un elemento cunha presenza constante na vida das persoas: a audición de música na vida cotiá, nos espectáculos e nos medios audiovisuais. Reflexión sobre esa presenza incesante nas nosas vidas e a necesidade do silencio.

* Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.

* Utilización de distintas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.

* A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e as modas musicais.

* A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.

* A edición, a comercialización e a difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os profesionais da música e a industria musical.

* Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

* Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.

Bloque 2. Interpretación e creación.

* Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental e no movemento e a danza.

* Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.

* Utilización de diferentes técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, a elaboración de arranxos e a creación de pezas musicais.

* Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.

* Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das distintas facetas e especialidades no traballo dos músicos.

* Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo e a creación musical.

* Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

Bloque 3. Música e tecnoloxías.

* O papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos ordenadores.

* Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.

* Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

* Aplicación de diferentes técnicas de gravación, analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

* Análise das funcións da música en distintas producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.

* Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

* Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

Criterios de avaliación.

1. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento do alumnado acerca do papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etcétera.

2. Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describir as súas principais características.

Este criterio intenta avaliar a capacidade do alumnado para identificar algúns dos trazos distintivos dunha obra musical e para describir, utilizando unha terminoloxía adecuada, aspectos relacionados co ritmo, a melodía, a textura ou a forma. A análise realízase sempre en situacións contextualizadas e a partir da audición de obras previamente traballadas na aula ou con características similares a estas.

3. Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación á información obtida en distin-

tas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etcétera.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para expresar unha opinión fundamentada respecto dunha obra ou dun espectáculo musical, así como a habilidade para comunicar, de forma oral ou escrita, e argumentar correctamente as propias ideas apoiándose na utilización de diferentes fontes documentais.

4. Ensaiair e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental ou unha coreografía aprendidas de memoria a través da audición ou observación de gravacións de audio e vídeo ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

Con este criterio trátase de comprobar a autonomía do alumnado e a súa disposición e colaboración con outros membros do grupo, seguindo os pasos necesarios e introducindo as medidas correctivas adecuadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

5. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etcétera.

A través deste criterio preténdese valorar o coñecemento do alumnado dos pasos a seguir na organización e posta en marcha dun proxecto musical, a súa iniciativa e o seu interese pola procura de solucións ante os problemas que poidan xurdir.

6. Explicar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais.

Este criterio pretende avaliar o coñecemento do alumnado sobre o proceso seguido en distintas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etcétera) e o papel xogado en cada unha das fases do proceso polos diferentes profesionais que interveñen.

7. Elaborar un arranxo para unha peza musical a partir da transformación de distintos parámetros (timbre, número de voces, forma, etcétera) nun ficheiro MIDI, utilizando un secuenciador ou un editor de partituras.

Con este criterio inténtase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar diferentes recursos informáticos ao servizo da creación musical. Trátase de valorar a aplicación das técnicas básicas necesarias para utilizar algúns dos recursos tecnolóxicos ao servizo da música e a autonomía do alumnado para tomar decisións no proceso de creación.

8. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.

Este criterio pretende comprobar os criterios de selección de fragmentos musicais adecuados á secuencia de imaxes que se pretende sonorizar e a aplicación das técnicas básicas necesarias para a ela-

boración dun produto audiovisual, e pode desenvolverse en coordinación coa materia de educación plástica e audiovisual.

Lingua galega e literatura.

Introdución.

A área de lingua galega e literatura ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. Xa que logo, está orientada a garantir que, ao final da educación secundaria obrigatoria, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional, que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas, non só coa debida corrección lingüística, senón tamén con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación. Non en van, a lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar para relacionarse na sociedade, para adquirir novos coñecementos e entender a realidade, para analizar criticamente a información, para xerar e difundir ideas ou opinións e mais para expresar a súa afectividade e regular as emocións.

Por esta razón, os bloques de comunicación oral e escrita céntranse sobre todo no traballo lingüístico das relacións interpersoais e sociais e nas habilidades comunicativas precisas en todas as áreas curriculares, así como no emprego activo dos medios de comunicación e das tecnoloxías da sociedade da información. Ademais, concibir a aprendizaxe da lingua como o desenvolvemento das destrezas de comprensión e de expresión nos contextos sociais máis relevantes, incluído o literario, implica que o coñecemento formal debe poñerse ao servizo da mellora das habilidades comunicativas. A apreensión das formas, estruturas e regras realízase mediante a reflexión e indución sobre os usos contextualizados e ten que redundar no perfeccionamento destes. Daquela, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso e as propiedades textuais convértense nun dos piares do bloque de funcionamento da lingua. Mais esta concepción implica tamén unha sistematización progresiva ao longo da etapa dese funcionamento da lingua, co asentamento dunha metalinguaxe axustada e, asemade, o profundamento gradual na reflexión sobre discursos cada vez máis complexos.

Agora ben, a lingua tamén é transmisora de significados culturais e iso supón atender a aspectos como o seu papel de depositaria e, ao mesmo tempo, conformadora dunha determinada visión do mundo ou cultura e, así mesmo, como lugar de proxección simbólica de identidades. Deste xeito, a materia de lingua galega e literatura debe garantir un coñecemento reflexivo e práctico do idioma que leve o alumnado a sentirse seguro para usalo con propiedade en calquera situación, mais tamén debe contribuír á comprensión e á valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e á superación dos prexuízos que bloquean o uso

do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas, encarando os condicionamentos socio-lingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre. Todas estas son finalidades do bloque de lingua e sociedade.

Tamén o estudo da literatura pode e debe ser abordado desde diferentes perspectivas. En concreto, debe contribuír á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos en que prima a dimensión estética, pero tamén se erixe como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.

A literatura tamén contribúe a mellorar o gusto pola lectura, a mellorar a súa capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas e a formar o espírito crítico do alumnado.

En calquera caso, será preciso integrar na práctica da aula, a través de tarefas e situacións significativas para o alumnado, tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar comprensivamente e falar, ler e escribir) así como, en xeral, todos os bloques de contidos, que presentan a súa especificidade sempre en articulación cos demais.

O ensino desta área así como a secuenciación de contidos en cada un dos bloques, parte do principio de que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Polo tanto, secuenciar contidos non implica en moitos casos facer unha selección dos que se dan en cada curso, senón indicar a atención e o grao maior ou menor de profundidade con que se han abordar. Do mesmo xeito, os criterios de avaliación dos distintos cursos só se distinguirán na autonomía que as alumnas e os alumnos deberán demostrar na asimilación e uso práctico dos contidos, en función da súa madurez e de que se trate de avaliar a adquisición de novas habilidades ou a activación das velas.

Cómpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas; aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Por outro lado, cómpre lembrar que a aprendizaxe lingüística non se fai só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, as compañeiras e os compañeiros, así como o profesorado doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado.

En relación coa aprendizaxe non formal da lingua, cabe sinalar tamén que cumprirá traballar en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofrezca contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as inte-